

RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA CONVOCATORIA DE ACCESO AO VIVEIRO DE EMPRESAS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

O 25 de febreiro de 2022 publicouse unha convocatoria para cubrir 3 espazos dispoñibles no Viveiro de Empresas.

Unha vez publicada a listaxe provisional de solicitudes seleccionadas 27 de abril de 2022, e non habendo reclamacións no período marcado, **resolvo aprobar a relación definitiva de solicitantes seleccionados para acceder ao Viveiro de Empresas**, que figura no anexo.

A través desta resolución definitiva a UDC outorga aos promotores dos proxectos seleccionados unha autorización administrativa por dous anos e oito meses para a ocupación do local asignado no Edificio de Servizos Centrais de Investigación do Campus de Elviña, que figura no anexo, co único destino do desenvolvemento das actividades propias propostas nas súas solicitudes de acceso ao Viveiro de Empresas e da colaboración coa UDC nos termos establecidos no Regulamento para a admisión e permanencia de iniciativas empresariais no Viveiro de Empresas Innovadoras da Universidade da Coruña (aprobado polo Consello de Goberno o 27 de febreiro de 2017). A entrada efectiva no Viveiro de Empresas será o día **1 de xuño de 2022**.

Unha vez transcorridos os oito primeiros meses gratuítos, a taxa pola ocupación de cada local será de 7,50 € por metro cadrado ao mes, aos cales se lles sumará o IVE correspondente.

A presente autorización non implica cesión de dominio público nin de facultades dominicais da UDC recollidas na Lei 5/2011, do 30 de setembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

En defecto de normas especiais, ou caso de insuficiencia das existentes, esta autorización rexerá polas previsións da precitada Lei autonómica xunto coas contidas na Lei de Patrimonio das Administracións Públicas (Lei 33/2003, do 30 de novembro).

Salvador Naya Fernández

Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia



ANEXO

Relación de solicitudes seleccionadas

Solicitud	Representante da iniciativa	Local	Tamaño
Atlantic	Sergio Cores	1	20,91 m ²
Atoupa (ant.Fiadeira)	Ana Pernas	4	20,91 m ²
Conectate	Jesus Adrian Pérez Reales	5	20,91 m ²